

ETRADVIGO CURSO 2022-2023. ABERTOS PERIODOS DE MATRÍCULA PARA ALUMNADO E PREINSCRIPCIÓN PARA NOVO ALUMNADO E AULAS ABERTAS DENDE O MÉRCORES 23 DE XUÑO.

DE 4 A 7 ANOS
MÚSICA E MOVEMENTO

DENDE OS 8 ANOS
ARPA CÉLTICA, ACORDEÓN DIATÓNICO, CANTO POPULAR, CORDA PULSADA (GUITARRA E BUZUQUI), GAITA, PERCUSIÓN TRADICIONAL, REQUINTA, VIOLÍN FOLK, ZANFONA.

AULAS ABERTAS
ARPA CÉLTICA, PANDERETEIRAS, CORO, CANTARES DE TROULA, CORDA PULSADA E REQUINTA, BANDA DE GAITAS E PERCUSIÓN, CORDA FROTADA, ZANFONA.

MATRÍCULA E PREINSCRIPCIÓN CURSO 2022-2023

COVID-19. Situación de excepcionalidade

Diferentes disposicións legais en relación á situación sociosanitaria da pandemia, que podan ter vixencia a 3 de outubro de 2022 (data de inicio previsto do curso), poderían modificar as características desta convocatoria (datas, número de prazas ofertadas, admisión de novo alumnado, modalidades presencial e online, ...)

ALUMNADO DE CURSOS ANTERIORES

ALUMNADO que pasa aos cursos de

- 2º e 3º (Itinerario Básico) e 1º no caso das especialidades con C.I.I.
- 2º e 3º (Itinerario Medio)
- 2º e CEE (Itinerario Avanzado)

NON HAI RESERVA DE PRAZA, terán que MATRICULARSE DIRECTAMENTE.

PRAZO DE MATRÍCULA: DO 22 DE XUÑO AO 08 DE XULLO DE 2022

Precisarásese efectuar o pago da matrícula a través de www.emmavigo.org e logo formalizar a matrícula (a ter en conta que no caso de baixa na escola, o importe da matrícula non é reembolsable).

PAGO DA MATRÍCULA

Unha vez na pasarela de pagos, será preciso introducir os datos persoais (nome e apelidos + dni) e sinalar o ciclo:

Ciclo Básico: todo o alumnado de Nivel Básico

Ciclo Medio: todo o alumnado de Nivel Medio + alumnado de 1º e 2º curso do Nivel Avanzado

Ciclo Medio-Avanzado: o alumnado do Curso de Especialización Escénica (Avanzado 3)

FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA

PRESENCIAL

Para a formalización da matrícula, deberán presentar o xustificante de pago da mesma ou ben copia da presentación da solicitude de exención de taxas, en modelo normalizado e o impreso de matrícula debidamente cumprimentado, que pode solicitarse na secretaría ou descargarse da páxina web.

Solicitude de exención de taxas: Do 22 de xuño ao 08 de xullo de 2022 nas oficinas do Concello.

Horario de atención ao público de 11:00 h. a 14:00 h. de luns a venres (agosto pechado). Durante o mes de xuño atenderemos tamén pola tarde, en horario de 16 a 20 hrs.

PRAZO: DO 22 DE XUÑO AO 08 DE XULLO DE 2022

ALUMNADO DE NOVO INGRESO e AULAS ABERTAS:

Preinscrición:

On line (www.emmavigo.org): do 22 de xuño ao 7 de setembro de 2022.

Presencial (na secretaría da ETRAD): do 22 de xuño ao 31 de xullo e do 1 ao 7 de setembro de 2022.

Horario de atención ao público: de 11:00 h. a 14:00 h. de luns a venres (agosto pechado). En xuño tamén atenderemos pola tarde, en horario de 16 a 20 hrs.

- Publicación de listas de solicitantes: 13 de setembro
- Sorteio: 16 de setembro
- Probas para o Itinerario Medio: do 16 ao 20 de setembro
- Publicación de listas de admitidos: 23 de setembro.
- Matrícula: do 23 ao 30 de setembro.
- Solicitude de exención de taxas: do 23 ata o 30 de setembro de 2022 nas oficinas do concello.
- Comezo do vindeiro curso: 3 de outubro.